

## CIRCULAR FIN DE CURSO 2020-2021 2º BACH e CICLOS FORMATIVOS MEDIO E SUPERIOR

Estimadas familias:

Os exames da convocatoria extraordinaria de setembro de 2º de Bacharelato terán lugar entre os días 16 e 22 de xuño segundo o calendario publicado na páxina web do instituto.

A **entrega de notas** para o alumnado de 2º de Bach e para o dos ciclos medio e superior será o día **23 de xuño ás 12:00 h.**

### PROCEDEMENTO PARA AS RECLAMACIÓNS DAS CUALIFICACIÓNS:

O período de reclamacións das cualificacións para o alumnado da avaliación extraordinaria de 2º de Bach e para os ciclos medio e superior abrangue os días **24 e 25** de xuño, de 10:00 a 14:00 horas.

O proceso é o seguinte:

1. Falar co/a profesor/a da materia para que lle mostre o exame ou exames e lle explique os criterios aplicados.
2. En caso de desacordo coa cualificación dada polo/a profesor/a, deberá solicitar, na Secretaría do Centro, o impreso para as reclamacións contra as cualificacións, entregándoo cuberto tamén na Secretaría antes das 14 horas do día 25 de xuño.
3. Unha vez rematado o prazo de reclamacións, o venres 25 (de 10:00 a 14:00 horas), reuniranse os Departamentos das materias nas que se reclame. Estes emitirán unha resolución sobre as reclamacións presentadas, que se comunicará ó/á alumno/a.
4. En caso de desacordo coa resolución do Departamento, poderase solicitar na Secretaría do Centro, no prazo de dous días seguintes á comunicación, que a Xefatura Territorial de Educación resolva dita reclamación.

Cambre, a 08 de xuño de 2021

A DIRECCIÓN